

"Cinema 40-60, trinta anos entre o clásico e o novo"



Impartido polo docente:

- Profesor José Juan Videla Rodríguez

Descrición:

Seminario monográfico sobre a evolución do cinema entre as décadas dos anos 40 e 60. Nese período de trinta anos prodúcese varios movementos cinematográficos que supoñen unha evolución do modelo clásico que patrocinaba a poderosa industria de Hollywood.

Obxectivos:

- Visión global da evolución do cinema nos anos centrais do século XX.
- Coñecemento e análise dos movementos cinematográficos que se desenvolven nas décadas dos anos 40 aos anos 60.
- Coñecemento e análise dos directores fundamentais na evolución do cinema entre os anos 40 e 60.

Contidos:

1. O Neorrealismo italiano, novas historias e protagonistas.
2. Hollywood, do clasicismo ao cambio.
3. A Nouvelle Vague, os mozos contestatarios.
4. O Novo Cinema Español, antecedentes e protagonistas.

Metodoloxía:

- Clases maxistras.
- Sesión de visionado na Filmoteca de Galicia.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 11 a 13 horas**), os días **17, 24 e 31 de outubro, e 7 de novembro de 2025**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña.

Inscripción e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 27 de setembro ao 9 de outubro de 2025**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 - secretaria.senior.coruna@udc.es)